

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN DA XUNTA DE GALICIA E O CONCELLO DE PONTEAREAS PARA A REHABILITACIÓN E O DESEÑO INTERIOR DA NOVA PRAZA DE ABASTOS

MEMORIA

Ao abeiro do establecido no artigo 4.f) da Resolución do 8 de abril de 1991 pola que se fai público o Acordo de Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, sobre Convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares (DOG núm. 82, do 30.04.1991), expóñense os antecedentes, razóns de oportunidade e obxectivos perseguidos coa formalización dun convenio de colaboración entre a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración e o Concello de Ponteareas para a rehabilitación e o deseño interior da nova praza de abastos.

A Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, en adiante, a consellería, é o órgano encargado de exercer as competencias que en materia de comercio interior atribúe á nosa comunidade autónoma o artigo 30.1.4 do Estatuto de autonomía de Galicia en relación co disposto no Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia e no Decreto 49/2024, de 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia.

O Decreto 147/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración establece que lle corresponde á Dirección Xeral de Comercio e Consumo a planificación, a coordinación e o control das competencias da consellería en materia de comercio interior. Dentro destas cabe sinalar, especificamente, a promoción, o fomento, a modernización, o desenvolvemento do comercio, a programación e xestión de axudas destinadas a estes fins e o impulso do asociacionismo comercial e da asistencia técnica comercial en colaboración con outras institucións e entidades.

Galicia presenta unha riqueza rural que merece ser preservada, tamén dende o punto de vista comercial, garantindo unha dotación comercial suficiente. Por isto, é necesario potenciar a competitividade, a dinamización e a estrutura dos establecementos comerciais situados no ámbito rural, procurando o equilibrio da oferta comercial do territorio, a garantía do abastecemento da poboación rural, a mellora da comercialización dos produtos autóctonos e a mellora da imaxe e o equipamento dos mercados e prazas de abastos galegos.

Na consecución deste obxectivo, o impulso dunha rede de Mercados Excelentes de Galicia é fundamental para destacar o potencial dos nosos mercados e prazas de abastos como eixos e motores do comercio de proximidade, adaptándoos ás novas tendencias do mercado. A súa finalidade fundamental é aproveitar a situación estratéxica dos mercados e prazas de abastos e potenciar estes espazos como o mellor escaparate do produto galego de calidade, vencellándoos ao entorno no que se integran, ao produto local e a valores como a sostibilidade, a protección do medio ambiente, a calidade, o trato personalizado e o compromiso coa sociedade.

En consonancia co exposto, por Orde do 4 de xaneiro de 2017 (DOG núm. 13, do 19.01.2017) regúlase o procedemento para a obtención do selo de Mercado Excelente na Comunidade Autónoma de Galicia,



e o seu outorgamento é a resposta aos retos de modernización e innovación aos que se enfrontan os mercados e prazas de abastos galegos.

Con tal finalidade, a consellería apoia e incentiva os proxectos que xeren e fomenten a eficiencia e a modernidade do comercio galego e, neste caso, por medio da iniciativa promovida polo Concello de Ponteareas para o Proxecto de rehabilitación e deseño interior da nova praza de abastos de Ponteareas.

Pola súa parte, o Concello de Ponteareas ostenta a titularidade das parcelas e da *Nave de Aceros del Tea*, inmovible que pretende a reharilar e no que se ubicará a nova praza de abastos *Mercado de Abastos, MercaTea*. Trátase dun inmovible, patrimonio cultural e industrial do Concello de Ponteareas, de grande importancia para o concello como espazo dedicado á prestación dun servizo público.

Con esta intervención vaise adaptar a edificación existente aos novos hábitos de consumo. Mantendo a estética e o espazo industrial, converterase nun espazo mais funcional, mais accesible, mais eficiente, con mais contacto co espazo público. O proxecto persegue potenciar o mercado tradicional, o mercado de produtores, a posta en valor dos produtos frescos e o impulso do mercado de proximidade.

En definitiva, converterase nun espazo mais competitivo, con maior atractivo comercial para os veciños e visitantes e, dadas as súas características arquitectónicas, mais atractivo para o público xove, o que reverterá no comercio local xa que se converterá en punto de encontro de ocio e de actividade do concello no que produtores, vendedores e clientes serán os protagonistas.

A proposta de actuación proxectada considerase de grande interese xa que reverterá no mantemento da vitalidade económica da área urbana e na revitalización do comercio local ao modernizar o deseño e as instalacións da praza de abastos e a súa funcionalidade, adaptándoa aos novos hábitos de consumo, dotándoa dos equipamentos necesarios para a actividade comercial e ofrecendo servizos complementarios que melloren a experiencia de compra e atraian á clientela.

Neste contexto, xurde a necesidade de colaborar co Concello de Ponteareas para o desenvolvemento proxecto de rehabilitación e deseño interior da nova praza de abastos co fin de potenciar o fortalecemento, a modernidade e a competitividade do comercio local.

En consecuencia, existen razóns de interese público, social e económico que xustifican conforme aos artigos 19.4.c) e 26.2.a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia a colaboración da Xunta de Galicia, a través da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, no financiamento deste convenio para a concesión dunha subvención directa de carácter singular ao Concello de Ponteareas, xa que figura nominativamente nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025.

A consellería comprométese a financiar o antedito proxecto por importe de oitocentos mil euros (800.000,00 €), IVE incluído, con cargo á aplicación orzamentaria 14.06.751A.761.8 "Praza de abastos de Ponteareas", proxecto de investimento 2015/00275, modalidade de financiamento 1010, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025.



Esta convenio tramítase como expediente anticipado de gasto o que permite, trala súa sinatura, unha maior marxe temporal para a súa xustificación por parte do concello.

Todo iso faise no marco da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como consonte a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, na medida en que sexa aplicable, e o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Na reunión do Consello da Xunta de Galicia do 17 outubro de 2024 aprobouse o Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025, no que figura de forma nominativa este convenio, polo que existe crédito adecuado e suficiente para a súa tramitación.

De acordo co disposto no artigo 3.1 da Orde da Consellería de Economía e Facenda do 11 de febreiro de 1998, a tramitación anticipada poderá chegar, como máximo, ata o momento anterior ao da disposición ou compromiso de gasto. Así mesmo, segundo o establecido no artigo 5 da devandita orde, todos os actos de trámite ditados no desenvolvemento desta orde enténdense condicionados a que, unha vez aprobada a Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025, subsistan as mesmas circunstancias de feito e de dereito existentes no momento da súa produción.

Consideraranse actuacións subvencionables os investimentos e gastos necesarios para a realización das accións do proxecto de rehabilitación e deseño interior da nova praza de abastos de Pontearreas, sempre que se realicen no período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2025 e a data límite de xustificación establecida no convenio.

Este convenio entrará en vigor na data da súa sinatura e estenderá a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2025.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital
O director xeral de Comercio e Consumo
Gabriel Alén Castro

